

# BOLETÍN DE IGUALDADE



O **Boletín de Igualdade** é unha publicación mensual dixital en acceso libre da Unidade de Igualdade.

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envía as tuas suxestións, por correo-e antes do día 28 de cada mes.

## UNIDADE DE IGUALDADE

Edificio Ernestina Otero 1º andar

Campus universitario

Vigo-36310

[igualdade@uvigo.gal](mailto:igualdade@uvigo.gal)

986 813 419



Unidade de Igualdade

Universidade de Vigo

## CONTIDO

AXENDA .....	3
CURSOS .....	4
CONGRESOS E SEMINARIOS .....	5
CONVOCATORIAS .....	6
SUXESTIÓNS .....	7
RECURSOS .....	7
NOVAS.....	10
DATOS .....	11
FERRAMENTAS DE IGUALDADE .....	12

# OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	26	27	28	29	30	1	2
40	3	4	5	6	7	8	9
41	10	11 <small>Día Internacional das Nenas</small>	12	13	14	15 <small>Día Internacional das Mulleres Rurais</small>	16
42	17	18	19	20	21	22	23
43	24 31	25	26 <small>Día Internacional da Intersexualidade</small>	27	28	29	30

## AXENDA

**Exposición Forxadoras de historias, metal e pedra.** Na sala Maruja Mallo da sede da Deputación de Pontevedra en Vigo. Ata o 7 de novembro.

**30 de setembro:** Primeira sesión do **Club de lectura Lendo con feministas.** Actividade en liña, coas autoras dos libros, do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero. Para máis información contactar coa organizadora: [almudena.otegui@uvigo.es](mailto:almudena.otegui@uvigo.es) Inscricións: [aquí](#).

**30 de setembro e 1 de outubro:** **Webinair Ciencia aberta: diversidade, equidade e inclusión,** de de 17 a 19:00 h, organizado pola Unidade de Igualdade de la Universidad Carlos III para público xeral. [+Info](#)

**6 de outubro:** **Xornada Videoxogos e desigualdade: un enfoque multidisciplinar e feminista.** De 11 a 20:00 h na Aula Emilia Pardo Bazán do Edificio de Ferro (Campus de Ourense). Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero.

**7 de outubro e 4 de novembro: Ríos subterráneos: correntes migrantes e Ríos subterráneos: identidades líquidas**, na Facult. de Educación e Traballo Social. Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero.

**7 de outubro: Xornada «A inclusión da muller no Dereito tributario. Talentos visibles»**. A partir das 15.30 h. no Salón de graos virtual da Facultade de CC Xcas e do Traballo (Campus Remoto). Actividade do programa de Axudas de sensibilización en materia de xénero.

**17 de outubro: Xornada Ferramentas ecofeministas para outra educación**. De 10:30 a 13:30 h no Salón de actos da Facultade de Comercio. Actividade do programa de Axudas docentes que promovan a perspectiva de xénero.

**19 de outubro: Xornadas «Feminismo e representacións socioculturais: antropoloxía e museografías feministas»**. Sala Emilia Pardo Bazán da Facultade de CC Educación e Traballo Social.


**20 ao 26 de outubro: Exposición sobre mercantilización dos corpos** (Facultade de Telecomunicación). **27 de outubro: Charla de clausura**.

**21 de outubro: Mesa redonda : Inequidades do cambio climático: por que necesitamos enfoque de xénero?** No Salón de Actos Marie Curie do Edificio Politécnico (Campus Ourense) ás 11:00 h

## CURSOS

---

### Itinerario Formativo Virtual en Xénero [+Info](#) 7ª edición



Matrícula: Do 28/09 ao 12 /10.

Período de realización dos cursos: Do 28 de setembro ao 28 de novembro.

Programa formativo para introducir a perspectiva de xénero na formación da comunidade universitaria da UVigo, subvencionado con fondos do Pacto de Estado contra a VX.

Prazas limitadas. Inscripcións a través

de Bubela. Formación en liña a través de Moovi.



**Workshop Hackeando ao patriarcado: Novos aparatos ideolóxicos. O patriarcado de vixilancia. [+Info](#)**

4ª edición.

Seminario en formato mixto, e obradoiro presencial.

Anunciaremos as datas e espazos ao longo do mes de outubro na páxina web da Cátedra Feminismo 4.0

**Máster propio en Violencia de Género: prevención e intervención desde diversos ámbitos profesionales [+Info](#)**

Título propio do Instituto de Investigaciones Feministas da UCM.

**Obradoiro Workshop on Gender Dimension in Research [+Info](#)**

**O Fetiche da maternidade. Desexo, dominación e reprodución social. [+Info](#)**

Do 5 de outubro ao 23 de novembro. Formato presencial e en liña síncrono e asíncrono.

**Emma Goldman e o feminismo anarquista. Mulleres libertarias, recolución e os futuros das loitas antipatriarcais. [+Info](#)**

Do 6 de outubro ao 12 de novembro. Formato presencia e en liña síncrono e asíncrono.

**¿Quién es el enemigo? Deseo, masculinidad y emancipación en bell hooks**

Do 26 de outubro ao 09 de novembro en formato virtual. [+Info](#)

**Actividades de sensibilización e formación 2022 da Subdelegación do Goberno en Pontevedra**

21 de outubro: Taller de autocoidado para profesionais que traballan con vítimas de violencia machista

28 de outubro: Xornada formativa Prevención do suicidio en vítimas de violencia de xénero

18 de novembro: Xornada formativa Violencia económica: impago de pensións

Prazas limitadas. Inscricións en: [unidades.violencia.pontevedra@correo.gob.es](mailto:unidades.violencia.pontevedra@correo.gob.es)

## CONGRESOS E SEMINARIOS

**Xornadas virtuais: «Violencia contra as mulleres: da lei á realidade» [+Info](#)**

4, 14 e 17 de outubro ás 17:30 h

**Congreso ATIDES 2022 [+Info](#)**

A Universitat Jaume I organiza o congreso ATIDES 2022 sobre avances en tecnoloxías, innovación e desafíos da ensinanza superior, en modalidade virtual, que terá lugar entre os días 17 e 31 do mes de outubro.

**XXI Coloquio Internacional de la AEIHM Tras la estela de los feminismos históricos [+Info](#)**

Do 26 ao 28 de outubro, con posibilidade de asistencia presencial e virtual.

**II Encuentro feminista internacional sobre la caza de brujas. Colonialismo, extractivismo y violencia contra las mujeres [+Info](#)**

Do 28 ao 30 de outubro.

**I Congreso internacional de género y sexualidad en el cine español [+Info](#)**

Do 28 ao 30 de novembro na Universitat de València.

**Violencias sexuais: Unha mirada panorámica dende as investigacións empíricas**

O Grupo de Traballo para o estudo das Violencias Sexuais, realiza un ciclo de seminarios ao longo do ano 2022 aos que se pode asistir presencial e virtualmente. [+Info](#)

**II Foro de Debate. Mulleres Fronte á Pandemia [+Info](#)**

O Foro de Debate «Mujeres frente a la pandemia» dá comezo á súa segunda edición con contidos durante todo o ano.

**CONVOCATORIAS****Premio Joni Lovenduski PhD Prize [+Info](#)****II Edición dos Premios Celia Amorós de Ensaio Feminista [+Info](#)**

Prazo aberto ata o 24 de outubro para traballos inéditos en calquera lingua do Estado. Poden presentarse obras realizadas a nivel individual ou por un equipo de investigación (integrado por un mínimo de 75 % de mulleres). Ten unha dotación económica de 20 000 euros.

**1º concurso de microrrelato Contos para a Escola de Minas e Enerxía (Contos\_EME 2022).**

En galego ou castelán, con dous premios de 200 euros cada un. Un para alumnado de grao e máster da UVigo e outro para alumnado de Bacharelato. Ata o 30 de outubro ás 20:00 h

**Premio de investigación Empar Pineda [+Info](#)**

Primeira edición convocada pola Fundación 26 de Diciembre para traballos sobre as mulleres maiores lesbianas en España. Prazo de presentación ata o 31 de decembro. Con dotación económica.

**III edición dos premios Valedora do Pobo aos mellores TFG e TFM en materia de igualdade e dereitos das mulleres [+Info](#)**

Información publicada no DOG Núm. 180 do mércores 21 de setembro de 2022 e na web

**Call for Papers: Feminist Futures (Issue 136, marzo de 2024) [+Info](#)**

Ata o 15 de novembro.

**VIII Congreso Economía Feminista [+Info](#) Propostas ata o 30 de novembro.****Superpoderosas [+Info](#)**


Proxecto para aumentar a visibilidade das expertas que convoca a integrantes de sociedades científicas, médicas, universidades ou centros de investigación.

**Banco de persoal experto para a avaliación por pares do Premio Tese de doutoramento Josefina Pascual Devesa**, para recoñecer e promover a difusión das mellores teses doutorais defendidas na Universitat d'Alacant, que incorporen a perspectiva de xénero. [+Info](#)

**Clepsydra: Revista de estudos de xénero e teoría feminista**

[+Info](#) Ata o 1 de outubro de 2022, para o monográfico da revista que se publicará no 2023.

## SUXESTIÓNS



*Música, maestra. Ensayos sobre música y mujeres escritos por mujeres* (2022) [+Info](#)

Edición a cargo da xornalista musical Sinéad Gleeson e de [Kim Gordon](#), artista visual, escritora, actriz e cofundadora, da banda Sonic Youth, entre outros moitos proxectos.

Este libro presenta dezaseis ensaios sobre música escritos por mulleres sobre mulleres músicas como [Laurie Anderson](#), [Ella Fitzgerald](#), [Agnes «Sis» Cunningham](#), [Lhasa de Sela](#) ou [Wendy Carlos](#) entre outras.

## RECURSOS

LO 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual [+Info](#)

UN Women Highlights 2021-2022 (EN) [+Info](#)

Global Gender Gap Report 2022 (EN) [+Info](#)

Informe Saúde e Xénero 2022. Aproximación multidisciplinar á pandemia por covid-19 [+Info](#)

ATHENA e-platform for Action [+Info](#)

Journal of Women, Politics & Policy, Volume 43, Tema 4 (2022) [+Info](#)

Social Politics, Núm. 29 Tema 3, otoño de 2022 [+Info](#)

**Desafíos do Océano: Científicas ao Mando**

Unha miniserie documental de 6 capítulos de 15 minutos de duración. Un proxecto do Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar liderado pola UVigo para dar a coñecer a investigación que científicas das institucións que pertencen ao CEI Campus do Mar desenvolven.

A física foi cousa de mulleres nos EE.UU., e hoxe? [+Info](#)

Loitando pola hexemonía masculina: disputa entre a Alt-Right e as White Nationalist Masculinities en Stormfront.org (EN) [+Info](#)

Política do aborto nos Estados Unidos e arredor do mundo (EN) [+Info](#)

Perspectiva de xénero na saúde feminina, unha materia pendente? As expertas toman a palabra [+Info](#)

Un enfoque de comunidade de práctica para mellorar a igualdade de xénero na investigación (EN) [+Info](#)

Libro en acceso libre.

XV Encontro RUIGEU [+Info](#)

Análise de sexo e xénero en investigación e innovación (EN) [+Info](#)

Como podes cambiar os estereotipos de xénero sobre os físicos (EN) [+Info](#)

Elas a ballet e eles a fútbol: persiste a brecha de xénero nas extraescolares [+Info](#)

Sinerxias e compensacións entre as opcións de adaptación ao cambio climático e a igualdade de xénero: unha revisión da literatura mundial (EN) [+Info](#)

Dous mil millóns de estudantes afectadas e afectados por entornos educativos estereotipados: unha análise do nesgo de cor baseado no xénero (EN) [+Info](#)

Os efectos de anular Roe v. Wade en sete simples gráficos (EN) [+Info](#)

Traballadoras domésticas e asistenciais en Europa: un problema interseccional (EN) [+Info](#)

Prácticas de reparación de violencias machistas. Análise e propostas. Dispoñible o resumo executivo e a versión completa. [+Info](#)

Ás mulleres acredítaselles menos en ciencia que aos homes (EN) [+Info](#)

Enfoque práctico para mellorar a igualdade de xénero na investigación (EN) [+Info](#)  
Dispoñible en acceso libre.

Informe Mujeres Investigadoras da Comisión de Mujeres y Ciencia del CSIC 2022. [+Info](#)

Atlánticas. Revista Internacional de Estudos Feministas Vol. 7 Núm. 1 (2022)

Estudos feministas de comunicación. Novos retos e escenarios [+Info](#)

## LO 10/2022 DE GARANTÍA INTEGRAL DA LIBERDADE SEXUAL

### INTEGRAL

Pretende a protección integral do **dereito á liberdade sexual** e a **erradicación de todas as violencias sexuais**.

Propón actuar na prevención e a sensibilización, no tratamento, na reparación e na sanción.

### SÓ SI É SI

O texto ten como figura central o **consentimento** por iso se popularizou como «Lei só si é si».

O consentimento defínese en positivo como a expresión en actos, clara e libre, da vontade dunha persoa.

### AGRESIÓN SEXUAL

Desaparece a figura de abuso do CP. **O delito vai derivar da falta de consentimento** e establece unha gradación progresiva nas penas.

Serán **agravantes**: as agresión grupais ou por parte de parellas ou persoas con parentesco coa vítima; exercer violencia ou dano grave ou empregar armas, medios perigosos ou submisión química e que se atente contra persoas de especial vulnerabilidade,

### ASISTENCIA

Prevé atención **integral especializada e accesible** a través dos Centros de Atención Integral para vítimas de violencias sexuais (Centros de crise 24 h) e as Children's House ou Barnahus para menores de 16 anos.

### REPARAR

Introduce o **dereito á reparación** a través de compensacións económicas. As administracións disporán de fondos para establecer axudas complementarias cando os recursos existentes non sexan suficientes.

## NOVAS DO DUVI

---

Ángeles Sanromán e Isabel Pastoriza, Medallas de Investigación 2022 da Real Academia Galega de Ciencias [+Info](#)

70 persoas participarán no Club de Lectura Feminista [+Info](#)

Os premios Egeria repartirán 3300€ para incentivar a investigación en xénero nos traballos fin de grao e de mestrado [+Info](#)

Aberto ata o 30 deste mes o prazo para presentarse aos premios GirlGeekCovid de fomento dos estudos STEM entre as mulleres [+Info](#)

A Cátedra Feminismos 4.0 financia cinco proxectos de investigación no eido da cultura e da sociedade dixital en estudos de xénero [+Info](#)

## NOVAS

---

Se investigan las muertes de tres mujeres como casos de violencia machista [+Info](#)

La muerte de una niña de 14 años por un aborto clandestino reabre el debate sobre su despenalización en Marruecos [+Info](#)

Suiza aprueba en referéndum igualar la edad de jubilación femenina y masculina [+Info](#)

Cuba fue a las urnas en un histórico referéndum por el matrimonio igualitario y la gestación subrogada [+Info](#)



Las protestas se extienden en Irán tras la muerte de una joven detenida por vestir incorrectamente el velo [+Info](#)

Las niñas están a la zaga de los niños en matemáticas en el mundo debido a la discriminación y los estereotipos de género [+Info](#)

Las víctimas de violencia machista dejarán de recibir asistencia de abogados condenados por delitos similares [+Info](#)

La ONU advierte de que la igualdad entre hombres y mujeres puede tardar 300 años [+Info](#)

---

## DATOS

---

### **Observatorio de Igualdade da UVigo [+Info](#)**

O Observatorio é unha fonte de información que elabora informes sobre as desigualdades existentes na UVigo e as causas que as provocan para axudar a comprender as políticas de igualdade adoptadas.

Xa está dispoñible, para consulta e descarga, o [Observatorio de Igualdade 2022](#) onde se analizan, con perspectiva de xénero, os principais datos e indicadores da Universidade de Vigo.

### **Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)**

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

### **Científicas en Cifras 2021 [+Info](#)**

### **Boletín Estadístico Mensual da Delegación de Goberno contra a Violencia de Xénero [+Info](#)**

### **Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)**

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

### **Centro de Datos para Defensoras e Defensores de Xénero [+Info](#)**

Fonte para analizar cuestións de igualdade de xénero en todos os ODS en 129 países.

### **As mulleres do mundo 2020. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)**

Mapeo do teito de cristal das rexións europeas [+Info](#)

### **Institucións sociais e índice de xénero (EN) [+Info](#)**

Datos e perfís de países sobre o nivel de discriminación nas leis, normas e prácticas sociais en 180 países nunha ampla diversidade de temas. Hai datos resumidos a nivel mundial e datos por países.

### **A vida de mulleres e homes en Europa (EN)**

Edición interactiva 2021 [+Info](#)

## FERRAMENTAS DE IGUALDADE

---

**CIM- Centros de Información ás Mulleres**  
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

**CIM Vigo**  
Rúa Romil núm. 20  
986 293 963  
Ofrece atención xurídica en liña a través do enderezo-e:  
osnosdereitos.muller@vigo.org

**CIM Ourense**  
Rúa Ensino núm. 24  
988 393 191  
Horarios: De 8:30 a 14:30 h, con cita previa.

**CIM Pontevedra**  
Praza José Martí, 3º andar.  
900 119 741 e 986 864 825  
Correo-e: [igualdade@pontevedra.eu](mailto:igualdade@pontevedra.eu)  
Horario: de luns a venres de 9 a 14:00 h.  
Asesoramento xurídico: de luns a venres de 13:00 a 15:00 h con cita previa.

**Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de promoción da investigación sensible ao xénero** [+Info](#)

**Guía de actuación fronte á violencia machista** [+Info](#)

**Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero** [+Info](#)

**Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista** [+Info](#)

**Lei de mellora da protección das persoas orfas vítimas da violencia de xénero** [+Info](#)

**Información do Estado sobre a violencia vicaria** [+Info](#)

**Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos** [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. Vigo. Teléfono: 986 222 328.  
Atención ás vítimas: 606 929 137.

Grupo de mulleres de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestar atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos.

**Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero da Xunta de Galicia 2021**

Axudas periódicas para mulleres en situación de violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica das mulleres vítimas de violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [+Info](#)

**Unha Unión da igualdade: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025** [+Info](#)

**Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

**Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero** [+Info](#)

